

Resolución do 17 de outubro de 2005, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se declaran, con carácter provisional, os aspirantes admitidos e excluídos á entrevista da fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego da categoría de técnico superior en psicoloxía.

A base décimo cuarta da orde da Consellería de Sanidade do 20 de maio de 2002 (DOG nº 105, do 3 de xuño), pola que se convoca proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde da categoría de técnico superior en psicoloxía, dispón que rematado o prazo de presentación de instancias da convocatoria pola que se inicie a fase de provisión, a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde ditará unha resolución declarando con carácter provisional os aspirantes admitidos e excluídos á entrevista por centros de xestión, co motivo da súa exclusión. Por todo iso, esta división

RESOLVE:

Primeiro.-Declarar, con carácter provisional, os aspirantes admitidos e excluídos á entrevista da fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego da categoría de técnico superior en psicoloxía.

Segundo.-As listaxes coa relación de aspirantes admitidos e excluídos poderán examinarse nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, nos dos centros de xestión de atención primaria e especializada do Servizo Galego de Saúde e na páxina web do Sergas (www.sergas.es).

Terceiro.-Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* para poder corrixir, se é o caso, o defecto que motivou a súa exclusión.

Cuarto.-Esta resolución poderá ser imputada polos interesados nos termos previstos no apartado 3 da base vixésimo primeira da convocatoria.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2005.

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional

Anuncio do 6 de outubro de 2005, da Dirección da Área Sanitaria de Ferrol, polo que se dá publicidade á resolución da mesma data pola que se convoca unha oferta de selección temporal dun facultativo especialista en otorrinoloxía.

A citada resolución estará exposta na mesma data da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de*

Galicia nos taboleiros de anuncios do Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide-Profesor Novoa Santos e da Dirección Provincial do Sergas na Coruña.

A solicitude poderá presentarse no prazo de 10 días naturais desde o seguinte a esta publicación.

Ferrol, 6 de outubro de 2005.

Juan José Fernández Ramos
Director da Área Sanitaria de Ferrol

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCIÓN DA ESTRADA

Edicto (108/2005).

Montserrat Neira López, secretaria xudicial do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución da Estrada, dou fe que o que a continuación segue é copia literal do encabezamento e decisión da sentenza dita nas presentes actuacións de xuízo verbal civil 108/2005 e que literalmente di como segue:

«Na Estrada o vinte e un de xullo de dous mil cinco.

Vistos por min, Sergio Romero Cobo, xuíz do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución único da Estrada, os presentes autos de xuízo verbal de desafiuzamento por falta de pagamento e reclamación de cantidade número 108/2005, actuando como parte demandante Máximo Manuel de Jesús Millares, representado pola procuradora Magdalena Méndez Benegassi e como demandado Javier Otero Sufuentes, en situación de rebeldía procesual, en virtude das facultades que me foron conferidas pola Constitución e en nome de El-Rei, dito a seguinte sentenza:

Decido que estimando a demanda interposta pola procuradora Magdalena Méndez Benegassi, en nome e representación de Máximo Manuel de Jesús Millares contra Javier Otero Sufuentes, debo declarar e declaro ter lugar o desafiuzamento solicitado coa conseguinte resolución do contrato de arrendamento concertado o día 10 de decembro de 2004, sobre a vivenda situada na avenida de Santiago, nº 16, piso terceiro, da localidade da Estrada (Pontevedra), debendo o demandado desaloxar esta, con apercibimento de que, en caso contrario, será lanzado á súa custa e condenándoo ao pagamento de mil douscentos vinte e cinco euros (1.225 euros) en concepto de rendas non pagadas e as que se vaian xerando ata o efectivo desafiuzamento do inmovible, e todo iso con expresa imposición de custas ao demandado.

Notifíqueseles esta resolución ás partes facéndolles saber que esta non é firme e que, contra esta sentenza cabe interpor recurso de apelación perante a Audiencia Provincial de Pontevedra, no prazo de cinco días, o cal se preparará ante este xulgado.